

# A nena do parche

na cidade das cores esquecidas

**SILVIA G. GUIRADO**  
às letras


**MARTA GARCÍA PÉREZ**  
às cores

Ebook

GALEGO

Gamusefes









## A nena do parche, na cidade das cores esquecidas

Adaptación infantil da historia “Los colores olvidados”

incluída no libro *Los colores olvidados y otros relatos ilustrados (2009)*

© do texto, Silvia González Guirado, 2012

© das ilustracións, Marta García Pérez, 2012

Tradución: Beatriz Corral

Formato ebook Abril 2020

Este libro non está dispoñible en formato impreso, pero encantaríanos imprimilo en galego e castelán.

Subscríbete á nosa web e informáremoste.

**Gamusetes editorial**

[www.gamusetes.com](http://www.gamusetes.com)

 [facebook.com/gamusetes](https://facebook.com/gamusetes)

 [@Gamusetes](https://www.instagram.com/Gamusetes)

Gamusetes autoriza a reprodución total ou parcial deste libro,  
sempre que sexa para uso persoal ou escolar e non con finalidades comerciais.

# A nena do parche

na cidade das cores esquecidas

Silvia G. Guirado & Marta García Pérez



Gamusetes



**H**abía unha vez unha cidade que era toda **gris**. Naquel lugar, as persoas sentíanse tan tristes que, de tanto chorar, as súas bágoas fixeran desaparecer todas as cores. Esqueceran que, un día, o ceo fora **azul**, a herba **verde**, e que o sol brillara cun resplandecente cor **dourado**.







Un día, entre aquela escuridade gris, unha cor reapareceu onde menos se agardaba: na mirada dunha nena acabada de nacer.

A Carmesina veu ao mundo cos ollos **azuis**! A diferenza de toda a súa familia e do resto de habitantes da cidade.







A Carmesina aledábase cada vez que collía os seus lapis. Pasaba horas e horas debuxando todo o que vía. E entusiasmouse cando atopou, no faiado da casa, unha caixa de lapis de cores abandonada.








Mais, un día, todo cambiou e o gris tamén chegou á súa vida. Mentres a Carmesina xogaba con outros nenos e nenas no parque, sufriu un terrible accidente: unha **bóla** foi parar á súa mirada e o seu ollo dereito quedou ferido para sempre.

Rapidamente, seu pai levouna ao médico, e este, con doces palabras, díxolles que a única solución que había era poñerlle un parche no ollo que xa non podía ver.

—Por que teño que poñer isto, pai?

—preguntou a Carmesina entre bágoas. 

—É polo teu propio ben, miña filla.

E sen entender o que significaba aquilo de “polo seu propio ben”, a Carmesina fixo o que lle mandaban.







Súa nai e seu pai intentaron convencela de que non había motivo para desgustarse, que todo seguiría sendo igual. Pero ela non o sentía así. Xa non lle apetecía coller os lapis porque os seus debuxos xa non se asemellaban aos que pintaba antes.


Ademais, os outros nenos e nenas do parque mirábana de maneira estraña por mor daquel parche que levaba, e non precisamente porque fose unha pirata. Oxalá puidese montar nun barco e atravesar todos os mares ata o infinito!







A Carmesina deixou no faiado os seus lapis de cores e as ganas de pintar porque só quería chorar. Ata que, unha noite, no seu cuarto, unha misteriosa sombra a asustou. Era unha sombra grande, enorme, xigante... a dun pequeno gato negro que a observaba dende a fiestra.




—Non te asustes, Carmesina! Só che viñen dicir que **me gustan moito os teus debuxos.**

—Estás de brincadeira, micho! Non están ben feitos, non son bonitos porque dende que levo este parche non vexo o mundo como o vía antes.







—É que hai moitas cousas que ti non sabes, Carmesina... Isto pásache porque non miras as cousas cos ollos do **Corazón:**  a tristura non che deixa ver. Atrévete a buscar no teu interior a túa verdadeira mirada e as cores que che faltan. Ás veces, non é necesario que o debuxo sexa perfecto, só tes que gozar do que fas. Así volverás a sorrir e tamén o fará quen estea ao teu redor.

—E que podo facer para conseguilo?


—Quizais compartir con outras persoas este don que tes tan especial. Tes todo o que precisas: unha fermosa caixa de cores e, o máis importante, unha grande afouteza para superar o que lle pasou ao teu ollo dereito!







Despois dese encontro máxico, a Carmesina díxolle á nai que tiña unha grande idea: "Cada mañá erguereime moi cedo, poñerei o parche no ollo e pintarei unha lámina con moitas cores. De camiño á escola, antes do mencer, pai axudárame a pendurala dunha árbore para que todo o mundo a vexa e sorría".







E así o fixo. E pasado un tempo, os seus debuxos empapelaran completamente a árbore máis grande da cidade. Ao principio, a xente parecía sorprendida, mais, aos poucos, a súa sorpresa virou nun sorriso; e con cada sorriso, unha cor regresaba.

Así reapareceu o azul e pintou de novo o mar e o ceo. Despois volveu o verde e espallouse dende o talo das flores ata os prados e bosques. De novo, xurdiron tamén o dourado do sol e o branco da neve.







Ata que a cidade volveu ser toda de **Cor** ...

Entón, regresou Gato Negro:

—Micho, que ganas tiña de verte! Viches como o mundo volve ser de **Cor**?

—Vouche contar un segredo, Carmesina, as cores estiveron sempre presentes, pero a xente non as podía ver. Ti foches afouta e xenerosa, e atrevécheste a amosar os teus debuxos e axudaches a todos os cidadáns a lembrar que a vida está feita de milleiros de cores, de sorrisos e de ledicia.







—Ah, semella máxico o que contas!

—É que a vida é maxia, Carmesina! Aínda que, ás veces, algún problema nos poida paralizar... a maxia está dentro de nós cando somos afoutos e nos atrevemos a sorrir e a soñar...

Algún día contareiche a historia dun paxaro, chamado Serafín que, coma ti, só tiña un ollo para ver... Pero iso será outro día, porque aínda hai moitas cousas que ti non sabes, Carmesina...





E, con moita ilusión por esta promesa, a Carmesina apertou moi forte o Gato Negro. E tan forte, tan forte foi aquela aperta e tanta ledicia sentiron os dous, que botaron a rir ao mesmo tempo e, con aqueles enormes risos, apareceu a derradeira cor. Unha cor vermella, moi, moi brillante, á que o Gato Negro, na honra da súa nova amiga, lle chamou **Carmesí**.

E colorín, colorado, con todas as cores de volta no mundo, este conto está rematado.

**Fin.**





Gustouche este conto?  
Goza dos outros contos da colección e vive  
novas historias canda:



**Serafín,**  
o paxaro que buscaba a súa sintonía



**GATO NEGRO**  
*O felino da Boa Sorte*

Se queres descargar estes dous ebooks en  
galego, subscríbete á nosa páxina web:

[dosilustrados.com](http://dosilustrados.com)

# Gamusetes editorial

Benvidos e benvidas ao Mundo Gamusetes

Somos Desiree e David, "Dosilustrados"

Creamos este pequeno selo editorial, independente,  
onde publicamos libros ilustrados infantís e xuvenís.

Este libro non está dispoñible en formato impreso, mais  
encantaríanos imprimilo en galego e en castelán. Subscríbete  
á nosa web [dosilustrados.com](http://dosilustrados.com) e informarémoste.

[gamusetes.com](http://gamusetes.com)

[facebook.com/gamusetes](https://facebook.com/gamusetes)

[@Gamusetes](https://instagram.com/Gamusetes)





Compra nuestros libros, y ¡ayúdanos a seguir creando fantasía!



## LA BRUJA PAMPURRIAS, un nido en el bolso

Escrito por M<sup>a</sup> Carmen Aznar  
Ilustrado por David G. Forés  
Divertido, cambios inesperados  
**5 a 10 años**



## GATO NEGRO, el felino de la Buena suerte

Escrito por Silvia G. Guirado  
Ilustrado por Desiree Arancibia  
Buena y mala suerte, ser uno mismo  
**5 a 10 años**



## Oso blanco, Oso marrón

Escrito por Cristina Oleby  
Ilustrado por David G. Forés  
Amistad, diferencias, cariño, respeto  
**5 a 10 años**



## EL RECETARIO MÁGICO

Autora: Desiree Arancibia  
Divertido y saludable  
**Libro Familiar**



## LOS COLORES OLVIDADOS

Escrito por Silvia G. Guirado  
Ilustrado por varios autores  
Relatos cortos, valores  
**De 8 hasta 108 años**

### PRÓXIMAMENTE EN PAPEL



## SERAFÍN, el desafinado


Escrito por Silvia G. Guirado  
Ilustrado por Desiree Arancibia  
Viaje, ser diferente a los demás  
**5 a 10 años**



## LA NIÑA DEL PARCHE en la ciudad de los colores olvidados

Escrito por Silvia G. Guirado  
Ilustrado por Marta García Pérez  
Dificultades, recuperar ilusión  
**5 a 10 años**

Otros libros y juegos ilustrados por David y Desi: Dosilustrados



## 8 PATAS

Escrito por Ana Meilán  
Ilustrado por Desiree Arancibia  
Editorial: Entre nubes y cuentos  
Perseguir sueños  
**5 a 10 años**



## EL ABRIGO DE JANA

Escrito por Lola Ordóñez  
Ilustrado por Desiree Arancibia  
Editorial: Emonautas  
Autoestima, aceptarse  
**5 a 10 años**



## FRANKENSTEIN

Juego de cartas por INVEDARS  
Ilustrado por David G. Forés  
Construir monstruos, cartas,  
2-5 jugadores  
**+10 años**



## ¿CÓMO HAGO UN ARCOÍRIS?


Escrito por Júlia Pérez Villegas  
Ilustrado por Desiree Arancibia  
Editorial: Tu cuento y tú  
Colores, rima, cantado  
**0 a 5 años**



## PARA QUERERTE MEJOR

Escrito por Júlia Pérez Villegas  
Ilustrado por Desiree Arancibia  
Editorial: Tu cuento y tú  
Gestación, rima, cantado  
**0 a 5 años**









Colección  
**COLORES OLVIDADOS**



**Carmesina, a nena do parche**, vive nunha cidade onde as cores desapareceron. Un encontro máxico daralle a oportunidade de volver colorar a súa propia vida e a súa cidade. Unha pincelada de optimismo e afouteza para fomentar o desenvolvemento dos nosos soños e talentos.

(Recomendado dende os 5 anos)



**Gamusefes**  
editorial

